

Tempo serodio

Seguen saíndo poetas. Algúns ben maduriños ou serodios como Xosé Abeal, que naceu en Ambroa, Irixoa (A Coruña) en 1954. Nada que obxectar cando os poetas novos ou non tan novos teñen sentidiño (común e poético). Cando os poetas son, de verdade, poetas. O que pasa por dúas verdades de catón, beleza e sinceridade. Beleza quere dicir, seguramente, transcender anécdotas, ir alén da parafernalia léxica, procurar prata (se pode ser ouro, mellor) onde había terra, e así. Sinceridade non é outra cousa que sentir o que se di, e dicir o que se sente, e vaia o xogo conceptista que tomo prestado, pero non, do tan grande poeta como ambiguo cidadán don Francisco de Quevedo. Así as cousas, Xosé Abeal, que é un home sincero, e que de cando en vez bate coa beleza (e sabe expresalo por escrito), acaba de publicar o seu primeiro libro de poemas, *Herba do tempo* (Illa Verde, Espiral, Maior, A Coruña 2000). Un libro primeiro que se fixo esperar, igual vinte anos, que é cando Abeal roldaba os trinta, mais que sen dúbida paga a pena de ler e meditar ao redor do seu contido. Porque este poeta de Ambroa escribe ben, sabe medir os versos (o seu é sen dúbida o verso clásico), controla o movemento da estrofa, ó que volve, e non rexeita un certo pouso filosófico nos seus poemas. Logo está a temática de Xosé Abeal, neoenxebre poderíamos dicir, no que ten de sabia (e gozosamente) telúrica. Consecuentemente os corpos, a súa unión, tamén, son para Xosé Abeal motivo de fusión coa natureza. ¿Os mestres de Xosé Abeal? Noriega Varela e Iglesia Alvaríño, seguramente, sen dúbida Manuel María, a quen van dedicados varios poemas deste libríño-libro. E non malos mestres, por certo, nesta procura da beleza diáfana na que Xosé Abeal fai navegar a súa poesía. Eu penso que Abeal pode —e debe— seguir escribindo poemas. Os seus, véxase o que comeza *Hai cousas tan pequenas, case nada*, non son en absoluto prescindibles.

Vicente Araguas